




ANATOMÍA DUNHAS REA

3 de agosto 2017

Primeira reunión

Hoxe doíame moito a perna
cando volvía conducindo de Santiago,
notaba esa dor reumática que
me baixa ata o pé, ese músculo
aceso coma o fluorescente da coíña.

Sentrame feliz e chea de forza,
vou contar a miña historia. De
agor nun ano estarei contando
o que pasou n aquel paritorio.

Na reunión desta mañán Xesús
Ron escoitoume atentamente, e eu
pensaba "oxala Xesús Ron fose xinecólogo".

Explicoume en que consistía a
Berberecheira e marcámos pautas

IRIAPINHEIRO

A *anatomía dunha serea* nace da necesidade de berrar. É un relato tan íntimo como escondido, que quere ser cuspidito contra a parede para que todo o mundo poida ler nel. Nun principio quería que levase como subtítulo «unha historia violenta», algo que acabou desembocando en «unha historia sobre violencia obstétrica». Non hai tanta diferenza. Violencia ao fin e ao cabo. Violencia inesperada nun momento da miña vida que esperaba fose totalmente distinto.

Este proxecto comezou buscando entender o sucedido para poñer en paz a alma, para volver ter aquela serenidade/seguridade anterior a tanta rabia e dor. Só quería saber por que me trataron tan mal. Descubrir o por que daqueles protocolos que puxeron en práctica comigo no hospital cando me naceron o meu fillo e entender de paso as motivacións do machismo sufrido desde a infancia. Quería que o que me sucedeu a min non lle volvease pasar a ninguén máis. Sobre todo pensaba naquelas mulleres que sufriran situacións máis terribles cá miña. Por iso había que ser radicais e ir ao máis fondo con este espectáculo.

Comezamos a falar de *Anatomía dunha serea* no verán de 2017. Naquela altura eu acababa de deixar un traballo como actriz na televisión para escapar das constantes insinuacións sexuais, tocamientos e maltrato persoal por parte do director do programa e precisaba facer algo para superar esa situación. Aínda que tiña algúns proxectos activos, a Berberecheira deume unha oportunidade que non quixen desaproveitar para facer un traballo distinto ao que viña realizando no escenario, algo máis visceral e poético. Sería como fa-


cer cabaret, pero atrevéndome a cuestionarme e reinventarme como actriz e, por extensión, como persoa.

Empecei buscando información. É sorprendente a cantidade de noticias, artigos, webs, blogs, curtametraxes, documentais e accións artísticas de denuncia que atopei sobre a violencia obstétrica. Iso dábame pulos para facer esta obra, pero sabía que me metía nun tema moi serio e iso impoñía respecto. Tiña que aprender moito, non valía con memorizar un texto. Entrevistei a matronas, enfermeiras, fisioterapeutas e médicas; tamén tivemos encontros con mulleres de diferentes idades que nos contaron as súas historias de parto xenerosamente. Consultei libros, cómics, informes médicos, sentenzas xudiciais.

Ao mesmo tempo fun á psicóloga e consultei cun avogado, ata que finalmente decidín poñer a denuncia polo acoso sufrido naquel programa no que estivera traballando. Fíxeno público e saíu nos medios antes do que me tivera gustado, pero xa estaba feito. Eu estaba aí, á vista de todo o mundo, nomeando uns feitos violentos que non podían ser silenciados por máis tempo.

Para preparar o espectáculo tiven que escribir un relato con todo o que me sucedera antes, durante e despois do parto. Fun máis honesta ca no diario que escribía cando estaba embarazada, sinal de que algo mudara en min. Houbo unha Iria que morreu no paritorio e quedou a outra, a que gostaba de pistolas cando era cativa. Nese caderno nacían palabras salvaxes, poemas, acuarelas sen máis valor que o desaforo e a tenrura, era agradable fitar para o pincel sangrando tinta.


Achegábase o momento de poñerse a proba. Os primeiros ensaios, sen un texto nin sequera provisional, o medo a abrirse ante os demais... Había que ser valentes e non gardarse nada, só así podería cambiar algo. Simplemente tiñamos un relato autobiográfico dunhas once páxinas, o dossier coa memoria de dirección e un mapa men-



tal con algunhas ideas claras e un camiño a seguir. Pero eu estaba en branco coa estrutura, coa peza en si, non tiña nin idea de como contar esta historia. Xesús e Patricia foron propoñendo unha serie de temas e improvisacións e sacaron de min (con esforzo) algunhas confesións, fixeron aflorar materiais que empezaron a dar forma á obra. Foron horas difíciles, de baixa enerxía, de conciliación complicada, de bágoas que aínda quedaban agochadas e que se perdían na humidade da sala de ensaio.

Despois chegou a escrita do guión definitivo con María Lado. Deixaba ao meu fillo nunha gardería temporal, adaptándose aos ritmos da mamá cabareteira, e a mamá sentíndose culpable, chorando no coche rumbo á cidade para xuntarse coa amiga a escribir nunha cafetería, no pouco tempo dispoñible.

En paralelo aos ensaios finais tiven o xuízo laboral pola denuncia de acoso que presentara. Pero alí quen foi xulgada fun eu. Por ser actriz, por ser muller e, de paso, por ser vítima da violencia obstétrica.



Acusáronme por contar a miña vida nos escenarios e por «buscar a fama» arruinándolle a vida a un home «benintencionado». Aos quince días sacárono na prensa. «Iria Pinheiro denuncia por imbécil». Arden as redes sociais. Eu dedícome a ensaiar, esgotada e dubidando se chegarei viva á estrea, pero instalada na forza que me leva a loitar contra as estruturas patriarcais. A morrer matando, unha vez máis. AP9 arriba e abaixo. Ciática. Cambras. Insomnio. Sacro dolorido. Voz cascada. Anestésico local na cicatriz. Salivación excesiva. Ansiedade. Unha xoia, vamos.

Comeza o curso e o meu fillo vai a outra escola, nova e difícil adaptación, porque o meu home traballa para unha multinacional escrivista. Falta unha semana para a estrea e xúntase todo. Unha rapaza vén gravar un documental sobre min, teño que acabar de aprender o texto e fixar ben as escenas, teño que apurar as sesións de fotos para o cartel, atender aos medios... Sen previo aviso, o patio da So-

ciedad Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO) empeza a rebullir cunha serie de artigos cunha serie de artigos que Henrique Mariño publica no xornal Público a raíz do meu espectáculo. As redes sociais botan fume de novo, esta vez por *Anatomía dunha serea*, case tanto coma pola exhumación do cadáver de Franco. A miña vaxina e o corpo podre dun ditador mesturados nos comentarios do Facebook!

Boto de menos as amigas. As birras no chiringo. Ver as nosas crianzas na praia ao caer o sol, emporcándose na area. Falo con elas mandando audios de whatsapp, a este exercicio chamámolo «mother talking». Pechada no baño, á noite, cando chego de ensaiar en Teo, río co que me contan as colegas e eu aínda teño corpo para botar uns chistes.




Estreamos. O público emociónase. Eu cicatrizo.


Todos os artigos que saíron en prensa sobre a estrea de *Anatomía dunha serea* foron entregados como «probos exculporias» pola parte contraria á xuíza de instrución que leva o meu caso de acoso sexual no xulgado do penal. A día de hoxe estou á espera do auto que determine se finalmente haberá xuízo por esta vía.

Pasaron dous anos e sete meses desde que naceu o meu fillo.


barafit

oves.
s.
libres.





ADS



ANATOMÍA DUNHA SEREA

En escena : Iria Pinheiro

Escrita : María Lado, Iria Pinheiro

Dramaturxia, dirección : Xron

Escenografía, atrezzo e iluminación : Suso Jalda

Espazo sonoro : Iria Pinheiro,

Xacobe Martínez Antelo

Fotografía/gráfica : Paula Pez

Comunicación : Xana García

Documentalista : Adriana Páramo

Xefa de produción/asistencia de dirección : Patricia de Lorenzo

Estreouse o 14 de outubro de 2018

no Auditorio Constante Liste

da Ramallosa (Teo)

O noso agradecemento pola súa participación no proceso a Melina Lorenzo, Natalia Andrade, María José García, María José Rodríguez, Silvia Martín, Chelo Cajide, Isabel Abel, Carme Otero Pereira, Inés Portela, María Dolores Barreiro Brea, Fina Iglesias Brea, Dolores Brea Álvarez, Carme Amorín, Marta Bernárdez, Alicia Vilar Ares, Marta García Conde, Flora Miranda, Joam Casas, Tirso Docampo, Jesusa Ricoy Olariaga, Ánxela Santos.

25-Oct-2017

Xesus leu o meu relato:

«Xa lín o relato, un pouco espeluznante,
e iso que faltarán detalles, non?»

Se xa temos o índice de
natalidade máis baixo de Europa,
despois disto non vai haber
nacementos nunha boa tempada... »

ANATOMÍA DUNHAS REEA

Primeira parte

O fondo e o chan do escenario son completamente brancos. O espazo está ocupado á esquerda por unha mesa de aceiro inoxidable de 2 x 1m cunha serie de obxectos enriba: speculum, forceps, espátula, ventosa, tesoiras, dous globos inchados, un álbum de fotos, un recipiente metálico con sal. No centro hai un balde azul de plástico e unha banqueta. Á dereita hai unha cadeira de parto e un porta soros e máis atrás unha lámpada cirúrxica.

Iria entra en escena. Deixa unha carpeta e un caderno co seu diario na mesa de aceiro. Colle unha garrafa de auga que está ao pé da mesa. Bota auga no balde que está no centro do escenario. Despois bota sal. Pon o traxe da serea. Descálzase, senta e mete as pernas dentro. Coas mans molla as pernas e os pés.

Desde que son serea, de cando en vez preciso sentir o tacto da auga no lugar onde antes tiña as pernas.

Converterse en serea non é algo doado, aínda que todas as mulleres levan a posibilidade da serea dentro. É un proceso longo que por veces pode pasar mesmo inadvertido, pero un día estás deitada na cama ou no sofá e decátaste de que ese formigo que sentes nas pernas non é que as teñas dormentes. É que as tes... ausentes. Desapareceron. Unha coiraza de escamas protéxete da ausencia, pero vas poñer os calcetíns e hostia! Non tes por onde.

*Iria levántase, saca os pés fóra do balde e mentres que-
dan pingando no chan, di o seguinte texto.*

A miña metamorfose comezou o 5 de maio de 2016, un mes e tres días antes do que estaba escrito nas entrañas das aves, un mes e tres días antes do que se lía nas follas de té, un mes e tres días antes de que o vaticinaran todos os oráculos. Un mes e tres días antes do que calculaban os xestogramas do SERGAS.

Iria colle unha toalla, seca os pés e vólvese calzar.

Porque a vida non sempre é unha ciencia exacta, amigas. Como tampouco é unha enfermidade, pero diso xa falaremos máis adiante, porque agora vouvos contar o que é un xestograma...

Un xestograma é un anaco de cartolina que é *Deus*. Éche unha Sibila marcada co logotipo dunha famacéutica. Cando vas a primeira consulta do embarazo xa cho estampan no fociño nada máis abrir a porta. Estar embarazada é diluirse pouco a pouco ata desaparecer como persoa, acabas sendo un continente e nada máis. A primeira consulta do embarazo é o inicio da disolución. E o xestograma é o primeiro instrumento que se emprega, o primeiro misterio, o dogma. É *o corpo de cristo* da obstetricia.

*Iria levanta o xestograma coma se o estivese consa-
grando e o vai esnaquizando coas mans. Despois vai
para a parte de adiante do escenario e fala de pé, direc-
tamente ao público.*

Na primeira consulta, sentas alí, con emoción («estou embarazada, estou embarazada!»), pero caladiña, claro. E o médico nin te mira, el non aparta a vista do ordenador, porque no ordenador está A VERDADE. Só te mira, algunhas veces, a enfermeira, con cara de circunstancias, porque ela tamén ve que aquilo é incómodo. E realmente non sabe se che pode falar. Mírate, como querendo preguntarche: *Vienes*

a afilar? Coma no cole, que só podíamos falar cando ibamos á pape-
lera afiar.

—Iria Piñeiro!

—Si!

—Fecha de la última regla?

E ti aínda estás na papeleira afiando, cando o tipo che pregunta.

—A última regra? Pois a ultima regra foi tal día, pero eu quedei em-
barazada o 12 de setembro, señor.

Ai non, non, non... iso non lle vale. El só quere saber a data da última
regla. Aínda que ti saibas que foi ese día e non outro. Aínda que le-
varas dez anos sen botar un foguete e só foderas o 12 de setembro.

—Fecha de la última regla?

—Pero mire que eu , o 12 de setembro...

—Eso no tiene nada que ver! Dígame la fecha de la última regla!

Quédache cara de parva... como non vai ter que ver? E aínda así, ca-
las a boca, como unha nena. Obedeces porque mandan, aínda que non
entendas. O xestograma é só unha anécdota, pero vale para debuxar
a relación que tiveron durante o embarazo coa sanidade.

Sempre saía contrariada das consultas. Con esa sensación de pe-
cado orixinal: *fixen algo horrible e agora todo van ser rifas*. Ti pen-
sabas que no embarazo os médicos te ían acompañar durante o pro-
ceso, pero en realidade eles só operan en ti: sácanche sangue, ouriña,
fanche ecografías, métenche a man pola cona... e todo cun segredo
masónico. Hai moi poucas explicacións e cando as pides convérteste
«nunha desas»... *Ya tengo una de esas en la consulta*. Unha desas que
queren saber. Pero iso si, cando estás saíndo pola porta, o médico be-
rra: *Y no andes buscando cosas en interné!* A información, ese demo.

Información e humanidade, os dous grandes tabús. O sistema sa-
nitario valora a profesionalidade e a eficacia, pero non deixa lugar
á humanidade. O noventa por cento dos grandes profesionais que
me atenderon durante o embarazo e o parto suspenderían o test de

Voight-Kampff, esa proba que lle fan en *Blade Runner* aos replicantes antes de liquidalos. Salvo excepcións, mostraron por min a mesma empatía que a máquina do café.

No meu caso, na vida adulta que levaba ata que quedei embarazada tiña a sensación de ter poder de decisión, igual non en todos os ámbitos, pero estaba segura de que o meu corpo era o último reduto da decisión, era a aldea gala do empoderamento.

Iria colle da mesa unha cadea cunha cruz e pona no pescozo.

Eu desde pequena era unha monxiña. Nunca pensaba na maternidade. A miña familia educoume para me realizar a través do traballo, para que o sistema capitalista me explotase e iso me pareceuse ter liberdade. Non simplemente traballaba para ter cartos. O traballo tíñame que facer, ademais, libre. Educáronme para a soidade. Porque neste plan non entraba ter fillos. Apenas entraba ter parella, pero ter fillos era un lastre imperdoable. Na miña profesión, os fillos son moitas veces vistos como un cabo cun nudo corredío que se colga da primeira vara de focos. De alí pendura o teu cadáver artístico. Parece que os fillos che impiden crear. Isto é así porque seguimos tendo a idea dun artista home. E os homes sempre tiveron quen lles criase os fillos mentres eles eran artistas.

Así que eu era unha monxiña. Tal e como a miña familia me ensinara. Non cometía os erros das outras que tiñan fillos e arruinaban a súa vida. Eu non dependía de ninguén. Isto permitíame, sen eu sabelo, quedar na reserva, liberada de toda responsabilidade, para coidar deles cando fosen velliños. Un cepo agochado nas toxeiras da vida.

Ninguén contaba con que dentro de min hibernaba unha osa, tal vez unha loba, ou unha raposa, poñamos por caso... Ninguén contaba con que me quería proxectar no futuro como unha mamífera calquera.

Iria está detrás da mesa e fala desde aí, collendo e ensinando a lámina enmarcada de Rorschach.

Eu era unha monxiña exemplar. Ata que un día, de súpeto, empecei a ver úteros por todas as partes. Andy Warhol, que nunca tivo fillos, nin útero, nin lle durmía dentro unha mamífera calquera, tiña parte da súa obra colgada no Serralves, no Porto. Fun ver a exposición cuns amigos. O primeiro que atopei nada máis entrar foi a súa lámina de Rorschach dourada, de catro metros de alto, coma un retablo barroco de pan de ouro. Claramente un útero. Un útero xigante que podía conter un adulto. A partir dese momento, na miña éxtase, comecei a ver úteros por todas as partes: as nubes eran úteros de algodón que arrastraba a brisa, a mancha de humidade sobre a bañeira era unha matriz que se dilatava co vapor, os pousos do café debuxaban unha pelve xusto antes de desaparecer debaixo da billa, as pinturas abstractas, a resaca das mareas... Todo!

Iria colle a lámina enmarcada de Rorschach e adiántase.

Por suposto, as láminas de Rorschach que estudaba na carreira eran todas úteros. Vos que vedes aquí?

Enreda co público, pregunta que é o que ven na lámina e improvisa comentarios ás súas respostas. Ao final insiste en que para ela son úteros e pregunta se non hai ninguén que vexa úteros aí. Despois queda quieta e segue falando.

Eu era unha monxiña exemplar. Pero todo se fodeu cando empecei a ver úteros. A idea da maternidade prendeu en min moito antes de que prendera o meu fillo, pero eu disimulaba. A gran hostia levouna a miña familia cando quedei embarazada. Ninguén daba un peso por min.

Comeza a soar unha música, podería ser unha canción de Brigitte Bardot, por exemplo Un jour comme un au-

tre. Iria vai coller o seu diario. Colócase de pé ao lado da mesa, coas pernas ben pegadas. Abre o diario e le amodiño, coma se fose un libro de oracións.

«Cando era pequena, ao caer o sol, lavaba os pés nun balde e a vulva no bidé.

Meus avós dábanme unha botelliña de cristal que contiña éter.

Tiña que verter unhas gotas na auga

que bastaban para hixienizarme.

Limpaba así os meus pecados de nena

na soidade do baño novo.

Quería ser boa aos seus ollos.

Quería ser virxe para o mundo

e gostaba inmenso do hábito de Santa Rita

e das rosas que fixo agromar na neve.

Setinme a escollida

cando me regalaron terra traída da tumba de Santa Teresa de Ávila

e sempre levaba a cruz de prata no pescozo,

se me cruzaba con monxas na rúa

sacábaa por fóra da roupa para que visen que eu

tamén era seareira

da súa equipa.

Abandonei a deus hai moitos anos.

Pero aquela sensación de nena manchada volveu moitas veces.

Eu tiña cinco anos cando aquel borracho do bar Elías

se me achegou por detrás e introduciu a súa man

nas miñas bragas

dianta dos meus amigos.

Te gustan las caricias?

E eu afogando para sempre

dixen

si»

*Caen rosas sobre Iria mentres remata de soar a música.
Despois vaise para atrás e senta na padiola de partos.*

De pequena cando xogabamos aos médicos, xogabamos de verdade. A min unha tarde, no balcón da casa, tocoume parir. O meu amigo Marcial era o médico que me asistía. Non tiña matrona. Vese que cando eu era pequena a figura das matronas xa desaparecera da idea popular do parto. A comadroa, que era como a chamabamos, era unha señora que vivía no primeiro e poñía vacinas que doían moito. Nese meu primeiro parto, Marcial sentou riba de min, mesmo enriba da vulva, coma quen salta sobre unha egua.

Entón eu púxenme a berrar imitando o que vira nas películas ou na tele (*imita os berros e a respiración entrecortada dunha actriz parindo*). Marcial díxome «empurra empurra» e eu berrei aínda máis forte. Aaaaahhhhhh! Mmmmmhhhh! Con tanto berro miña nai entrou no cuarto: «Que estáis facendo, niños?» «No pasa nada, mamá, no ves que estoy pariendo!» E seguín berrando. Aaaaaaaahhhh! A cara de Marcial era de pánico, coma se eu estivese a piques de lanzar un misil. Mireino e deixei de berrar. Entón Marcial calmouse, empezou a fuchicar e abriume a barriga. Sacou o meu fillo e despois coseume. Parín un boneco. Un boneco de peluche que levaba ao colexio canda min.

Iria vaise levantando e ganando a posición frontal ao público.

Ese parto do balcón non estaba tan afastado da realidade hospitalaria. Era unha cesárea bastante aproximada. É o exemplo perfecto da idea de parto que, como sociedade, transmitimos e levamos metida na cabeza. Son partos onde as mulleres precisan médicos, máquinas, soros, drogas... Desposúese a muller da capacidade de parir. Castíganos porque queremos saber máis que os médicos, e iso non pode ser!

A que sabe de parir é unha bruxa. Un ser desprezable que vive á marxe da sociedade, unha rara, unha inconsciente, unha feminista

que pon en perigo a súa vida, e sobre todo, a vida da súa proxenie. Moi ben, pois agora vouvos contar o que facemos as bruxas cando quedamos para parir.

Iria vai explicar a dilatación e o expulsivo, seguindo o tipo de indicacións que dan algunhas matronas, como as de Lúa de Brigantia ou Jes Ricoy.

As bruxas sabemos que anatomicamente o noso corpo está preparado para facilitar o parto, por iso hai que estar activas e confiar en que o corpo saberá actuar. Así foi durante milleiros de anos de evolución humana. Calquera bruxa que parira ou entenda a forza da gravidade sabe que a posición vertical é a mellor para expulsar un bebé de tres ou catro quilos de media. Por iso parimos de pé, en crequenhas, na cadeira de parto ou a catro patas...

Entón por que nos mandan parir deitadas?

Iria colle os pés metálicos da padiola e os vai colocando no sitio.

Cando o parto se empezou a considerar como unha enfermidade que precisaba de tratamento médico foi cando se impuxo a posición de litotomía: a muller inmovilizada, deitada boca arriba e coas pernas levantadas. A única razón é a comodidade do médico que asiste, para que teña unha mellor observación da paciente e para que poida manipular o seu corpo. Non importa que así deitadas o óso que conforma o sacro teña unha curvatura diagonal, provocando que o bebé non poida saír en horizontal, senón que o faga empurrando contra o teito, o cal é complicadísimo. É case un milagre que sigamos sendo quen de parir a pesar de todo isto!

Para que as mulleres vexan o sinxelo que pode ser o parto, as bruxas usamos un globo e unha bóla de pinpong (*Iria colle o globo da mesa*). Eu este o traio xa preparado, peros e queredes xogar na casa

aos partos, colledes un globo, metedes a bóla dentro e despois o inflades.

O globo é o útero e a bóla a cabeza do bebé que xa está apoiando. Estás de parto e o sabes porque as contraccións son longas, duran 50 ou 60 segundos, as contraccións son cíclicas para que o corpo poida ter períodos de descanso, pero eu vouno apurar porque realmente estou cun globo na man, non? Isto na vida real podería levar unhas doce horas... É o momento no que nos din que temos o colo do útero borrado. Non é que desapareza, védelo? É que a musculatura do cérvix empeza a formar parte da musculatura total do útero, acumulándose na parte superior do mesmo, que se fai máis gorda para empurrar ao bebé. É cando temos un ou dous centímetros de dilatación. Temos que chegar aos dez para que o bebé saia. Entón a oxitocina vai traballando, pois é a que provoca as contraccións, ata que chegamos a eses dez centímetros e sae o bebé. Alá vai! Outro meniño no mundo!

Por tanto, parir é un deixarse levar. Cando vas cagar ao baño alguén explícache o que tes que facer? Pois isto é o mesmo. Temos que confiar na intelixencia do bebé, o bebé sabe o que ten que facer e colócase só para saír. Así que parir deitadas só cando sexa necesaria unha intervención ou non quede outra, e nese caso sempre mellor estar de lado.

Todo isto eu aprendino despois de parir porque unha matrona mo explicou. Mentres paría tiven que confiar nos protocolos. O protocolo é o único deus verdadeiro. É unha estratexia a través da cal o control do parto estan na man dos médicos, nin sequera na man das matronas, arrebatándolle á muller todo poder de decisión. Es un sarcófago no que hai que fozar, de onde se saca o tesouro e que se esquece.

Queredes saber como é o instrumental que se emprega para fozar nas mulleres?

Iria vaise colocar detrás da mesa. Vai collendo e manipulando o instrumental obstétrico. Fala con ese ton que usan nas teletendas.

Cando o parto se entende como un proceso patolóxico, comezan a aparecer grandes innovacións no catálogo de instrumental obstétrico. No ano 1920, o doutor Joseph DeLee escribiu un manual de obstetricia que arrasou. Era un plan de sometemento feminino perfecto.

Aquí están os instrumentos para que os vexades ben, porque cando vas ao xinecólogo ou durante o parto preocúpanse moito de que non os vexas nunca, verdade Joseph? Algúns deles son realmente terroríficos. Os propios nomes xa dan pavor:

Speculum... speculae! Non falta en ningunha consulta xinecolóxica. A muller ábrese de pernas e Introdúcese dentro da súa vaxina, serve para abrila todo o que se poida. Unha vez dentro, pódese deixar alí aberto durante horas, mentres ti atendes outras pacientes ou vas botar unha mexada, va que si, Joseph?

Fórceps: esta especie de pinzas úsanse para introducir na vaxina da muller, agarrar a cabeza do bebé e turrar dela para sacalo. Pódese usar só cunha man, así que coa outra podes fumar un cigarro ou darlle unha palmadiña no cu a unha enfermeira, eh Joseph?

Espátulas: teñen o mesmo uso que o fórceps, pero presentan un deseño máis innovador. Para manipulalas necesitas as dúas mans e teñen dúas posicións: unha en modo ensalada e outra e modo banderillas.

Ventosa: é unha variante das dúas anteriores, a ventosa pégase na cabeza do bebé mentres a muller segue aberta de pernas e con esta manivela faise forza para extraer o bebé.

Se algunha de vós experimentou en propia carne o fórceps ou as espátulas durante o parto, recibirá de agasallo unhas tesoiras de episiotomía coma estas. Son as miñas favoritas!

Moi ben, unha vez presentado o instrumental xa podemos operar segundo o manual do doutor DeLee. O primeiro paso é drogar a nai en canto comece o parto. Sedala, deixar que dilate, darlle ben de éter para o expulsivo, facer un corte coas tesoiras e sacar o bebé con fórceps ou con espátulas, segundo a preferencia do doutor. Ah! E isto que quedou dento que é? A placenta. Bah! xa veremos despois o que facemos con ela (*fai coma se tirase con ela*). E para rematar, darlle máis droga á muller para que o útero contraia e coser o corte, un pespunte calquera, total a cona é moi agradecida. Un plan perfecto, así si que se traballa tranquilo, eh Joseph? Sen mulleres dando a lata, queixándose de «*me duele aquí ni me duele allí*», «*me quiero levantar*», «*quiero agua*», «*quiero quiero*»...

A partir de aquí vai desaparecendo o ton teletenda.

Joseph, se lle chega a dedicar un pouco máis de tempo fas desaparecer a propia muller do momento do parto. Mágoa que aínda non se poida enxertar un feto coma quen enxerta unha maceira e aínda teñamos que depender do ventre materno. Pero aí está. Aquel plan perverso de Joseph chegou ata os nosos días. Algunha das súas ideas innovadoras tocouse a min tamén.

A min dilatáronme á forza, parín deitada por comodidade do persoal sanitario que estaba de garda aquel 5 de maio, xente á que lle daba traballo baixar o lombo. Cortáronme e coséronme, como fixera Marcial no balcón, sen me informar. Polo menos Marcial era o meu amiñiño e chamábame polo nome. «*Iria —díxome despois de baixar de riba de min—, aquí tes o teu peluche*».

Iria tira ao chan todo o instrumental que hai riba da mesa.

Segunda parte

Iria volve mollar as pernas no caldeiro con auga, coma fixera ao principio, mentres di este texto:

Ser serea non ten nada de máxico, é o resultado de séculos de mutilación feminina. Ás veces son as pernas o que se nos rouba, outras é a lingua, o desexo, ou simplemente a capacidade de decidir. En calquera caso, sempre se nos deixa sen poder. A metamorfose é un movemento polo que o poder que nos facía mulleres sabias cambia de mans. E quedas inútil. As sereas somos seres tarados. Nin sequera entramos na categoría de seres reais. Somos un ruxe ruxe. Son poucas as persoas poden asegurar que existimos. Agás vós. Vós estades aquí, escoitades o meu relato, sabedes que existo.

Seca as pernas cunha toalla.

A miña transformación comezou un mes e tres días antes do que se agardaba. Era a madrugada do 4 para o 5 de maio do 2016. A madrugada é sempre a hora animal de parir. Aquela noite, ás seis da mañá espertei con gana de mexar. No silencio da casa, fun ao baño. Recordo que non ía frío, fun descalza, e a casa estaba tépeda coma un animal que dorme enroscado sobre si mesmo. Sentada alí, coas bragas nos xeonllos, notei aquela humidade.

Colle un espello da mesa, senta de costas ao público e fai a acción de mirar.

A aquela hora xa se escoitaba o rumor de Vulcano do outro lado da ría. Batían no ferro da mañá que empezaba a abrir mentres eu, cun espelliño entre as pernas, intentaba descubrir a orixe daquel pingar minucioso. Pensaba que se miraba con moita atención e o tempo suficiente descubriría o que estaba pasando. Aínda que no fondo sabía que si, que algo empezaba.

Despois xira sobre si mesma para mostrar o tremor das mans.

Sabíao porque me tremían as mans ao gardar o espelliño no caixón. Eran os mesmos nervios de antes de saír a actuar. Algo que se inicia, o murmuro do tsunami no horizonte.

Entón acórdalle a foto sepia que sacou a tarde antes de romper augas. Vai deixar o espello na mesa e busca entre as páxinas do diario a foto do sacho. Cóllea e avanza cara ao público.

Na hora do solpor, na nosa casa, o sol baila detrás das follas dun loureiro vello. É o momento que aproveitamos para regar. Esa mesma tarde, antes de saír de madrugada para o hospital, estaba regando na horta e pensei que era un instante bonito para sacar unha foto. É esta. Esta é a foto da última vez que tiver pernas.

Iria engade algúns comentarios máis sobre o momento no que sacou esa foto, mentres reparte algunhas copias entre o público.

Cinco minutos despois de sacar esta foto soou o teléfono. Era unha chamada do meu traballo. Eu levaba xa dous días de baixa, pero aínda así, atendín a chamada. Media hora de complicacións, media hora de lastre, uns mails que non aparecían... A barriga púxoseme dura coma unha pedra. Tiña o mesmísimo Frederick Taylor ao outro lado da liña.

Iria volve a escena e colócase ao lado da padiola de partos. Quita o traxe da serea e pon o camisón de hospital.

Chegamos ás urxencias do Cunqueiro sobre as sete da mañá. Alí contei tres veces a miña historia. A tres señoras dubitativas. Ao final diagnosticáronme rotura de bolsa e sentenciaron: *queda vostede ingresada!* Só lles faltou o mazazo riba da mesa.

O que seguiu logo foi unha peregrinación polas diferentes salas do hospital, o meu cuarto, monitores, o cuarto outra vez, outra sala de monitores, dilatación, o paritorio.... Tes a sensación de que ao saír che van dar a Compostela. Á peregrinación hai que engadir un catálogo de máquinas, cadeiras de rodas, vías para me xutar antibiótico e maldicións varias do persoal hospitalario. Coma aquela enfermeira que alí mesmo tivo o seu momento de gloria cando fixo o seu monólogo: *Las primerizas no teneis ni idea*. Todas as nais da sala sabedes de memoria as mellores frases dese espectáculo: «*las primerizas siempre venís demasiado pronto*», «*pues si esto te duele...*», «*cuando lo hacías no gritabas tanto*», «*a esta hora y aún estamos así!*», «*¿tú no tienes marido o qué?*», «*¿y esta niña por qué no quiere ponerse la epidural?*»

Esta situación pareceríame incluso anecdótica se non fose que estaba no hospital ingresada para dilatar a cona pola que ía saír o meu primeiro fillo, un mes antes do esperado. Se non fose por ese pequeno detalle sería mesmo divertido ver aquilo como a típica comedia de enredo, desas que teñen moitas portas e xente que entra e sae. Ata o meu cuarto parecía un escenario en pleno ensaio, con ducias de extras que preguntan pola súa posición, coristas cheas de plumas que fuman e rin alto nun recuncho, tremoistas probando máquinas ruidosas, e un actor protagonista que discute co director porque sabe que el merece un papel mellor. El merece, que sei eu... unha cesárea!, un parto con moito instrumental!... E ademáis non quere compartir o seu protagonismo coa aspirante que está caladiña no centro da escea, amarrada á cama e aos monitores, intentando dilatar no medio de todo este barullo.

O actor protagonista deste espectáculo é o doutor Pallaso. Un tipo de trinta e tantos, con modernidade de *hipster* e camisiñas de marca. Mágoa que traese a actitude equivocada, e que se me apoiase na mesa do cuarto con chulería de garito ás catro da mañá. Pregúnto-

me se cando vai de *after* leva a actitude de médico empático que non tivo comigo. Entrou en escena para informarme de que me ían inducir o parto con prostaglandina e, se iso non funcionaba, con oxitocina.

—Todo esto pode acabar nunha cesárea?, preguntei.

—A ver, no has entendido nada de lo que te acabo de contar.

Iria saca o papel que lle deron no hospital para asinar e explica que tipo de documento é antes de ler o que pon:

«Me ha sido explicado en un lenguaje comprensible y de forma detallada por el doctor Ayaso la enfermedad que padezco. Soy conocedor guión a de que en caso de urgencia o por causas imprevistas podrán realizarme las actuaciones diagnóstico barra terapéuticas necesarias para mantenerme con vida o evitarme daño»

Que é a prostaglandina? Como ma van poñer? Que vai pasar despois?

—Es que no has entendido nada.

Pois igual non. Pido perdón por non estudar Medicina no sitio da miña merda de carreira. Castígame co teu desprezo porque estaba nas Ultranoites da Nasa mentres ti chapabas en Fonseca ás tantas da mañá. Mamalón.

Iria vai ata o porta soros e engancha a via no brazo. Despois fala arrastrando sen parar o porta soros, facendo un percorrido circular polo escenario, amodiño.

A prostaglandina da que falaba o doutor é unha sustancia que temos no noso organismo. Atópase en varios tecidos e fluídos, especialmente no útero e no seme. Como fármaco, emprégase para inducir o parto. Iso sempre e cando o corpo estea preparado para parir, que sexa o momento de parir. O corpo évos moi caprichoso, non é un microondas que en dous minutos fai as palomitas. Se as con-

traccións non empezan despois das prostaglandinas, pois pónenche a oxitocina sintética.

En España, segundo un estudo da Universidade da Rioxa do 2015, realízanse o dobre de inducións ao parto do recomendado pola OMS, mesmo moitas máis das que recomenda o Ministerio de Sanidade. A metade delas remata en cesárea, e unha porcentaxe moi alta en episotomías, fórceps, ventosas...

A prostaglandina, a min, fíxome irmandar coas vacas. Coa vaca moderna, a vaca establecida, a vaca produtiva. Ás vacas tamén se lles administra prostaglandina, porque así conséguese controlar o momento no que estarán en celo. A min puxéronme nun tampón, unha enfermeira medosa que traballaba baixo as ordes, chulescas, do doutor Pallaso. Foi unha dor horrible, punzante, humillante. Cuns ollos tristes de vaca mirábaa fixamente. Quería berrar e só me saían brúidos longos e graves que apuñalaban o hospital.

Iria berra coma unha vaca. Despois vaíse ata a padiola de partos. Senta.

Na escena co doutor Pallaso, eu estaba deitada. Eu sempre estiven deitada. Cando a enfermeira comezou con aquela violación torpe, nin sequera sabía que aquilo era a prostaglandina. Nada. Só sabía que a dor era un cristal roto, unha pedra de mil arestas dentro do útero. Mentres a enfermeira me violaba torpemente, eu retorcíame de dor. Berrei. Pedín por favor que me deixasen cambiar de postura. O doutor Pallaso retrucoume, co seu desprezo:

—Pero a dónde te crees tú que vas?

Con quen practicaría ese ton insolente? Que ser vivo baixo o sol merecería toda esa ira?

Doíame moito. Pero non me deixaban moverme. A enfermeira seguía empurrando a dor dentro de min. O cordel do camisón afogábase. A dor era unha bóla de lava ardente.

—Es que no te puedes mover! Tienes que esperarte a que la chica acabe!
Afrouxei o lazo do camisón e traguei todas as pedras que quería botar sobre Pallaso. Volvinme recostar. A enfermeira deixou de empurrar e o doutor foi revisar o tampón.

—Buff! Esto está mal puesto, no lo ves? El cordel se tiene que quedar fuera! Pero bueno, nos vale así. Ahora nos vamos —díxome sen mirarme—, volvemos en un rato a ver si empiezan las contracciones.

E saíron de escena, felices de diciren os seus parlamentos con soltura, anque fodidos porque xa non se aplaude no medio das representacións, coma antes.

*Iria déitase na padiola e di o seguinte texto así deitada,
afogando coas palabras.*

Esperar polas contraccións nunha indución é como esperar a que chova no deserto.

De feito, o deserto comezou a invadir o hospital.

A calor.

Por moito que me abanicaba nada apartaba aquela calor.

A sede.

Recordo vagamente discutir cunha enfermeira porque para beber tiñamos que ir sacar unha auga á máquina.

Coa boca seca obsesioneime coas moedas, había que ter o importe exacto.

Nalgún momento do serán, antes de saír a lúa, tamén os espellismos comezaron a aparecer no cuarto.

Meus pais.

Alí no medio do deserto estaban meus pais.

Discutindo.

Por que non empezan xa as contraccións?

Enfermeira, que é isto? Que traen nas botelliñas que colgan na cabeceira da cama?

As contraccións eran unha sensación descoñecida.
 A mestura perfecta entre incerteza, temor, nervio, tensión, dor.
 Atravesar un deserto cando no horizonte só hai deserto.
 Convén escoitarse moi ben a unha mesma e ao ser que empurra
 por nacer.
 Pero o meu era un deserto cheo de ruído.
 Unha treboada seca, sen unha gota de alivio, lostregando sobre a
 miña cama.
 Coa súa voz de trono, meu pai espetoume dende o sofá: *E ti...vas
 saber coller un neno?*
 E eu concentrábame en Bruce Willis.
 Cada vez que a dor me tensaba o ventre acordábame do Bruce Wi-
 llis de *Xungla de Cristal*.
 Imaxinábao collendo a meu pai polo peito e dándolle un par de hostias.
 Menos mal que para romper toda aquela tensión apareceu, por de-
 trás dunhas dunas, unha caravana de auxiliares cargando a cea.
 Cear...
 Nin sequera o intentei con aquel noxo de peixe ao que non lle adivi-
 ñaría a raza nin o mesmísimo Jaques Cousteau.
 Metín dúas culleradas de natillas na boca e desistín.
 Eu o que quería era saír de alí e ir a un lugar tranquilo a parir.
 Menos mal que meu pai estaba alí para aportar colorido á escena.
 —Pero, a ver! Vas a deixar a cea toda?! Co que se tira nos hospitais
 aliméntase unha granxa enteira de porcos!
 Bruce Willis, por favor, Bruce Willis...
 E alí se puxo a comer, coma un porco patriarcal.
 Despois da cea, leváronme a dilatación.
 Silencio.
 Escuridade.
 Pantallas.
Blade Runner.

Incorpórase na padiola, bebe auga e queda sentada mirando o público. Colle unha luva e mentres fala do patrón vaina poñendo.

A sala de dilatación do Cunqueiro que me tocou a min era un sitio de luces baixas cun póster das Illas Cíes na parede. Supoño que a idea é que a visión idílica da Praia das Rodas relaxa. A min estrésame de carallo. Alí no meu recunchiño das Cíes, entrou o patrón, a quen lle imos chamar, o Patrón. Era un tipo bastante riquiño, moi falador. A putada era que tiña dous temas estrela: O comentario crítico sobre o libro *Caliban e a bruxa*, de Silvia Federici, e o fútbol. Á rapaza que atendeu antes ca a min tocoulle Federicci.

Fai falar a luva que puxo coma se fose o Patrón.

«Concuerdo con Federici cuando dice que los cuerpos de las mujeres son vistos como máquinas para la reproducción de fuerza de trabajo... Empuja, empuja cuando tu veas!»

E a min..., co meu compañeiro arxentino, tocoume escoitar unhas seis horas de xogadas míticas.

«Entonces Maradona recoge el balón en el medio del campo y va regateando uno a uno a los jugadores ingleses hasta llegar al área...»

E así pasaron as horas. Entre dilatar e non dilatar. Ata que me levaron ao paritorio.

Coloca as pernas en alto e a saba cubríndoas.

O escenario agora era outro. Como se dun grande espectáculo con coristas e figurantes pasáramos a un teatriño de monicreques.

Fala o boneco do Patrón.

«Mira, ¿por que no te pones la epidural? No ves que te quedan muchas horas... No tienes que demostrar nada, yo de ti me la ponía...»

Tamén aparece o personaxe colectivo «esta xente quen carallo é», que representa a toda a multitude que asistiu ao meu parto, marabillada ante a posibilidade de ver unha intervención con instrumental que faría chorar de emoción ao dr. DeLee!

Estaxentequencaralloé, un par de luvas brancas ríxidas que se agarran por un pau, aparece farfallando cousas que non se entenden e moitos Ooooh! e Aaaaaah! de admiración.

E a moza de verde!!! Que ninguén sabe exactamente quen é, parece que pasaba por alí, pero ao final vai ter un papel crucial en todo este asunto!

Aparece o boneco da de verde, unha luva enfundada na outra man de Iria.

E, como non, a nosa actriz serea, amarrada a unha máquina, con febre, frío, mareada, intentando vomitar...

Iria achega a cabeza ao borde da saba para falar coma outro personaxe máis.

«Teño frío, alguén me pode traer unha manta?»

Patrón: «Ahora estamos a outra cosa, mujer. Venga, empuja!!! Hacia abajo!!! Noooo... hacia abajo!!! Hacia el pubis!!! Apura, apura que van a dar las ocho y hay cambio de turno!!!»

Iria: «Juanma, agárrame a perna esquerda, que me adormeceu.»

Patrón: «Venga, que hay cambio de turno y luego es peor! Venga, ahora!!!»

Iria: «mmmmmm grgrrrrrr mmmmm»

Nada.

Entra unha de verde, con guantes na man. Mírame a parrocha. Nada.

Vólveme mirar.

Nada

O Patrón bota a Juanma da sala, se cadra para non ter testigos.

«Venga, tú para fuera...»

Póñenme uns patucos altos, ata as inguas. Comezan a aparecer uns obxectos de metal aterradores. Sombras coma nas pelis de Hitchcock. E de pronto unha contracción e.... Mecago en dios!!!

A de verde (*aparecendo*): «Por que gritas? Es de dolor o es un gritar más bien de presión?»

Iria: «Non... non... non sei... si, é... por todo.»

Patrón: «Non te preocupes, todo vai saír ben. Aquí viñemos para gañar.»

Iria: «Cagho en diola!!! Cabronas!!!»

A de verde: «Oye tú, sin faltar al respeto! Aunque no lo parezca, estamos trabajando.»

Iria: «Ahhhh!!! Noooooooooonnn!!!»

Remata o teatriño.

Sen previo aviso, sen consultar, fixéronme un corte na vaxina, cara ao lado dereito. Cunhas tesoiras como esas que vos ensinei antes. Así me convertín en serea. É un corte coma o que lle fai a Mafia aos chivatos. Córtanlles a comisura da boca cara a un lado para que escarmenten e todo o mundo saiba ler no seu escarmento.

Iria debuxa o corte na súa cara cun lápis.

Agora eu tiña un corte na cona, pero o meu escarmento verdadeiro aínda estaba por chegar. Faltábame saber cal era exactamente o meu delito. Este corte chámase episiotomía.

Iria déitase outra vez.

Tras o corte apareceu Martiño. Martiño. Digo o seu nome e só podo pensar no meu fillo, non se me aparecen ata moito despois todos os outros Martiños que pode haber no mundo. Malia toda a dor, Marti-

ño traía consigo unha luz fermosa. Era unha lentella dourada e, de súpeto estabamos no antigo Exipto, todos levaban túnicas de liño branco, o sol era dourado coma a area quente, o deserto era fértil e o río cantaba amodo ao seu paso. Pero vino coma nun teatro, ao lonxe.

«Al minuto de vida, inicia signos de distrés respiratorio, por lo que se traslada a la unidad conectado a ventilación no invasiva con presión positiva.»

Vaise incorporando amodiño.

Escoito voces que falan entre elas, coma se estivesen a ler un diccionario. Falan sen afecto, dun procedemento, de como se fan as cousas, do protocolo. Nomean enfermidades terribles e eu, que non podo ter o meu fillo riba de min, que non podo notar a súa respiración, que me teño que conformar con velo alí a uns metros, no seu acuario de metacrilato, penso que está moi enfermo. Falan del coma se non estivésemos ningún dos dous alí.

«Tranquila», dime o Patrón, «están enseñándole al pediatra en prácticas. El niño está bien.»

Pero alguén colle a Martiño, levántao para amosarmo de preto e dime que o teñen que levar. Só o podo acariñar un pouco estendendo o brazo. Un pouco. Así.

«Tenemos que llevarlo.»

Iria levántase. Quita a vía do brazo. Retira a saba de hospital. Vai ata a mesa e colle o bolso. Mira para a padiola onde estivera ela un pouco antes, coma se seguise alí deitada e a estivese vendo. Entra gravación co ruído das máquinas da UCI. Fala.

E alí quedei. Soa. Cunha compresa no medio das pernas. Sen bragas. Nunha sala da que saíra todo o mundo. O deserto. Eu e o meu bolso, «porque nunca sabes donde te van a robar». Aquela sala era a

miña pirámide, a miña cámara funeraria. Moitas mulleres, no paritorio, séntense morrer.

*Iria colle a planta suculenta da mesa, lévaa ata a padiola
e déixaa alí enriba. Dá a volta a fala ao público.*

Eu, aquel día, perdín a paz.

Segue a gravación do poema coa súa propia voz. Mentres, pon o maillot da cicatriz:

Frío cirúrxico

Aquelas foron
as dúas horas
máis frías
da miña vida.

Paseinas remexendo
o aceiro cirúrxico
coa lingua
aínda
non me
desprendín del.

Todo cheiraba a min
á miña regra
desde os 14 anos
ao meu sexo
despois da discoteca
á miña urina

á miña suor
e algunha xente
protexíase
con máscara
do que lle
parecía
unha
infamia.

Es rabudo
porque o teu
foi un parto
violento
e a natureza
faite así de
intelixente
para
sobrevivires.

Tiramos
cara adiante,
pero eu ranqueo
dunha perna, fillo.
O que me recorda
que aquelas
dúas horas
foron
as da miña morte.
Nin flores me trouxeron
só unha felicitación baleira
e a reposición do material
que lles debín gastar.

*Soa unha música de baile. Rafaella Carrá. Rumore! Iria
baila sobre a mesa de aceiro cun maillot branco que leva
pintadas as liñas da súa dor e unha cremalleira cosida
imitando a episiotomía.*

Cuore, batti il cuore
Na, na, na, na...
Mi è sembrato di sentire un rumore, rumore
Serà la paura
Io da sola non mi sento sicura, sicura
Sicura mai, mai, mai, mai
E ti giuro che
Stasera vorrei tornare
Indietro con il tempo

E ritornare al tempo
Che c'eri tu
Per abbracciarti
Che non pensarci più sù...
Ma ritornare, ritornare perché
Quando ho deciso che facevo da me.

Terceira parte

Despois do baile Iria senta na mesa de aceiro.

Dende logo, isto non era o que soñara.

Eu soñara cun parto no que Martiño e eu seríamos o centro, onde se seguirían os nosos ritmos. Soñaba con intimidade, con silencio. Simplemente pensei que me preguntarían: Como te sentes? Necesitas algo? Iria, estás ben? Iria...pensei que me chamarían polo nome! Pensei que ao meu fillo o recibirían chamándolle polo nome: Veña Martiño, vamos Martiño, Benvido, Martiño. Non tiña en mente grandes luxos.

Imaxinaba un cuarto onde petarían na porta antes de entrar, na que o meu compañeiro tamén contase, un sitio onde o teléfono móbil estaría prohibido. Pensaba que me consultarían e me explicarían o que me ían facer a min ou ao meu fillo, non contaba con que me limitaría a asinar papeis lidos con maneiras de notario de hipoteca. Pensaba que me mirarían como o ser intelixente que son. Que todas somos. Que evitarían... humillarme.

Na sociedade na que vivimos, o corpo da muller é un obxecto coma outro, que sofre os cambios e vilezas do consumismo. Os corpos das mulleres pódense mercar, romper, substituír cando non valen. Ninguén vai vir aquí reparar as feridas das mulleres que esnaquizamos. É duro erguerse da cama do hospital e recoller a roupa coma quen recolle os anacos dunha mesma. Pero haino que facer. Como di Raffaella na súa canción *«ritornare, ritornare perché / Quando ho deciso che facevo da me, volver atrás por que / se xa decidín que me amaño soa»*.

Martiño pasou seis días na UCI. Mentres puideron estar no hospital, durmiamos no cuarto e íamos alí velo. Eu sacaba leite nunha sala onde se amoreaban ducias de mulleres coma min, silenciosas vacas de ollos tristes. Pero estaba ben o silencio. Eu quería silencio. Os

días da UCI, coma todo nesta vida, tamén pasaron. E Martiño veu para a casa con nós. Afacerse a Martiño era como explorar unha terra descoñecida e trepidante. Cada día algo minúsculo nos marabillaba e sacaba de nós sorrisos que nin sequera sabiamos que nos quedaban.

Colle o álbum fotográfico.

Isto é o que debería recordar daqueles primeiros días, dos primeiros meses, do primeiro ano.

As primeiras imaxes de Martiño. As notas que chegaron da Arxentina. As postais do Canadá. As entradas aos concertos e outras cousas que ocorreron «despois de Martiño». As primeiras vacacións da familia.

Pero para recordar todo isto teño que apartar un veo de dor que foi medrando e conquistando o meu corpo segundo pasaban as semanas. Un día, aínda durante a corentena, sentín unha dor na vaxina. Algo estraño pasara, notaba algo..., caído, algo fóra... Fun á matrona, tiña unha cistocèle. Pouco despois, abríronseme tamén dous puntos da episotomía. A matrona recomendoume facer os exercicios de Kegel, pero dábanme dor. As relacións sexuais con coito tamén eran difíciles. Non aguantaba as ganas de mexar. Cando sentaba, doíame. Doíame cando estaba de pé. E conducindo. Co paso dos meses, non facía máis que empeorar. Algunhas noites, unha coitelada espertábame e a dor corríame perna abaixo, como esta liña vermella que leva o traxe.

Sei que debería recordar as primeiras fotos que fixemos os tres xuntos, pero cando as miro vénme continuamente á cabeza o soa que me sentía fronte a miña dor.

Iria canta a capela en voz baixa uns versos dun corrido mexicano, mentres a luz vai baixando ata quedar todo ás escuras:

Quiero que mis amigos
Sin que se ofendan
Me dejen sola
Porque me da vergüenza
Llorar con ellos mi sufrimiento
Aunque les agradezco
Que se preocupen por mi dolor
Siento que es preferible sufrir a solas
Mi cruel tormento
Ha de surgir del cielo
Del infinito del mas allá
El bien que necesito
Que me reanime
Que me consuele

Quiero que se me borren
Todas las penas
Que me dejó.

Texto proxectado no fondo:

Tardei catro meses en conseguir unha consulta de fisioterapia pola seguridade social, pero están limitadas a seis cada ano.

Tiven que suplir a fisioterapia con Enantyum para poder traballar e aforrar o necesario para pagarme as consultas pola miña conta.

A día de hoxe, máis de dous anos e medio despois do nacemento de Martiño, vou a terapia cada dúas semanas. A última vez dixéronme que me quedarían arredor de 12 meses de tratamento.

da necesidade deste espectáculo,
hoxe non hai mais que forza
para facelo.

O testemuño desta rapaza ven a
sumarse a unha longuíssima lista
de mulleres que nestes últimos 2
anos me contaron as súas
experiencias, que me contaron
o que ningún conta por que parece
que temos que ser como a
Virxe María e estar suscritas
á revista Telva.

Ningún percibiu que a Virxe
ten mala cara?

"Mujer, es normal, ten paciencia".

